

Domitila e a fenda baixo os pés

Domitila Gutiérrez Alba, de Cervantes, non cumprira os 15 anos cando o fascismo tronzou a súa vida. Torturada por colaborar coa guerrilla, pasou a mocidade fuxindo ou no cárcere, orfa de pai e irmán, coa familia no exilio. Os seus últimos anos transcorreron en Becerreá, onde se fixo moi amiga de Afonso Becerra, que hoxe conta a súa historia



Afonso Becerra y el libro 'Pandrama'. EP


NIEVES NEIRA

29/DIC./22

A única fotografía de **Domitila Gutiérrez Alba** (Cervantes, 1926- Becerreá, 2003) que chegou até aquí ten unha fenda. Unha brecha baixo os pés, no pavimento da praza, un xesto elocuente do azar para contar a historia dunha **vida rota polo fascismo**, dunha terra que se rompe. Pero, como contala? Como pronunciar o impronunciable? Como rachar co silencio?

Afonso Becerra de Becerreá fíxose esas preguntas para escribir *Domitila*, unhas das varias pezas dramáticas que conforman o último libro que vén de publicar o dramaturgo e docente da Esad. "Comecei a escribir a historia cun diálogo, cunha personaxe para ela. Pero non puiden continuar. Cabreeime. Non quixen

transformar o que era un documento nunha peza dramática", conta. Porén, esa peza tiña que estar no libro, "porque o teatro é compartir algo en comunidade, propiciar unha sorte de asemblea", engade.



Domitila Gutiérrez Alba. EP

Ademais, era así como quen foi a súa veciña durante varios anos contaba o que vivira. Unha e outra vez. A unha e a outra persoa. E, a pesar diso, da súa teima, o que ela tanto insistía en dicir apenas está escrito.

Conta **Aurora Marco** no seu libro *Mulleres na guerrilla antifranquista galega* que **Domitila Gutiérrez Alba** naceu no lugar de San Miguel, na parroquia de Vilarello, en Cervantes, no ano 1926. Tiña, por tanto, dez anos cando o golpe de Estado do 1936 tronzou a súa vida. O seu pai, Juan Gutiérrez Santín, foi **asasinado polos falanxistas** o 20 de agosto. Os seus irmáns, Jovino, Abelardo e Baldomero, militantes da CNT, loitaran na fronte de Asturias co exército republicano, e alí morreu o máis vello, Jovino. Abelardo participaría na constitución da Federación de Guerrillas de Galicia e León, a organización que se consideraba a vangarda do exército aliado en España, e que pensaba que, cando rematase a Guerra Mundial, este entraría para acabar con Franco. Frustradas as expectativas, os irmáns de Domitila pasaron clandestinamente a Francia no 1947, e de alí a Venezuela. A nai de todos eles, **Consuelo Alba Digón, botouse ao monte** polas presións dos falanxistas, colaborou, como Domitila, na guerrilla, e despois dun periplo de represión, a finais dos corenta, tamén conseguiu saír de España. Domitila non tivo a mesma sorte.

Os datos que se poden consultar na web do Concello de Lugo, a raíz da investigación de María Jesús Souto Blanco sobre a represión na provincia, indican que **Domitila pasou un mes na prisión lucense**, hoxe o Vello Cárcere, no ano

1940, e que de aí foi conducida ao campo de concentración de Figueres. O seu delito, "auxilio a huidos", di a acta. Non tiña aínda 15 anos.

En 1939 xa fora detida, coa súa irmá Florinda, e a súa nai. Talvez foi a raíz desa detención, nos Ancares, que **Domitila foi brutalmente torturada**. "Só recordo que me dixo que lle raparan a cabeza e que lle arrincaran as unllas, para que confesase o paradoiro do seu irmán. Eu era o seu amigo. Había algo nela, en Domitila, unha muller moito maior ca min, que me atraía poderosamente. O que me explicou aquel día non ten nome", escribe Afonso Becerra na peza que lle dedica. "Por que non lembro o relato enteiro do terror ao que someteron os fascistas á miña amiga Domitila?", continúa.

"Era unha nena cando lle fixeron o que lle fixeron. Dezaseis anos", conta dende Doiras Marisol Comuñas, a súa sobriña, a filla de Florinda, aquela irmá que lle pasou a súa cartilla de racionamento para que se puidese servir da identidade falsa que o documento lle aportaba. **"A tortura foi aquí, nos Ancares**. É unha cousa que todo o mundo sabe, que sempre se soubo", continúa Marisol, cunha emoción que aínda lle rompe a voz. Sen embargo, nunca **ninguén lle pediu perdón a Domitila**, nunca ningunha foi xulgado por torturala, ningún Estado reparou o seu sufrimento. Todo o mundo o sabe, e sen embargo, aínda para Marisol e para Afonso é difícil escribir ou falar.

Os silencios tamén rompen os relatos, amosan as súas fendas, cóllense con pinzas, a falta de verificacións que cosan os dous lados da calzada. "Hai **moitas cousas das que a miña nai non falaba**, causáballe moita dor", comenta Marisol. No relato que ofrece Afonso, a partir dos datos de Aurora Marco, lese que Domitila conseguira unha partida de nacemento falsa que lle fixera un crego en Baleira, e que, con outro nome, puido agocharse durante un tempo no convento de Cristo Rei, en Viveiro, ata que comezou a levantar sospeitas. Pasou anos escondida en diferentes casas de aliados da causa republicana. Con 21 **marchou a Madrid**, a traballar no servizo doméstico, e xa declarada en rebeldía. Pouco despois, coa identidade da súa irmá, a Barcelona. Alí, aos poucos de encontrar traballo e domicilio, foi **reclamada polo Xulgado Militar de Lugo**, e así se frustrou o plan de pasar a Francia. "En abril de 1948 prestaba declaración na comisaría de Lugo e o 12 de novembro dese ano celebrouse o consello de guerra no que foi **condenada** a vinte anos e un día de reclusión maior por colaboración con guerrilleiros", conta Afonso no seu texto. Logo de saír da prisión, tería traballado nun restaurante en Donostia. Coa xubilación volveu á comarca, a un piso da Avenida Ancares en Becerreá.

Alí foi onde Domitila e Afonso se coñeceron. Ela atopou no mozo que artellaba revistas e lecturas na asociación A Pipa a chispa libertaria na que recoñecerse. El atopou unha muller libre, que **non tiña medo de falar**, nin de bailar na festa, resistente, un oasis en moitos sentidos. "Despois do que vivira, do que pasara, que medo ía ter xa? **Foi unha persoa valente**", comenta a súa sobriña Marisol.

Domitila, con máis de oitenta anos, pedíalle a Afonso que lle aprendese a tocar a guitarra. "Era unha señora **moi alegre, moi rexia**. Non era unha persoa apoucada. Cando outros tiñan vergoña de bailar, ela facíao, coma se non tivese esa represión que aínda pesaba noutros", comenta Afonso. Non parecía que a

historia tivese tronzado o chan en dous baixo os seus pés. "Domitila era unha **muller libre**", di.

Unha guitarra para prender a luz

Afonso Becerra comeza a peza *Domitila*, recollida en *Pandrama* (Laiovento, 2022) cunha indicación: "Se alguén se atrevese a subir esta peza a un escenario, que pense nunha bailarina ou nun bailarín anciáns, que pense na danza *butho*. Que pense nisto e na narración oral máis do que nunha peza dramática. Se cadra, **nunha anciá a tentar facer música nunha guitarra**, cos seus dedos inchados, sobre unhas cordas mal afinadas, mentres cantaruxa algo con aire festivo, aínda que soe coma un lamento".

Presentación en Becerreá

Afonso Becerra presentará *Pandrama* en Becerreá este venres, ás 19.00 horas na casa da cultura, coa actuación de **Anne Rodríguez Orol** e a música de **David Becerra e Roi Rubiero**.

A guitarra

Conta Afonso como a Domitila se lle encendían os ollos cando o vía tocar a guitarra, a el, que daquela estudaba no Conservatorio de Lugo, e o moito que teimaba en aprender a tocar. Conta "que a música é unha casa moi grande e acolledora", e que os ollos de Domitila prendidos o levan canda aos nenos do campo de concentración de Terezín e a súa escola de música, ou canda ao seu tío Antonino escoitando a muiñeira de Chantada.

A escena

Domitila é xa unha **peza escénica en proceso**, da man da bailarina e coreógrafa Amparo Martínez. En colaboración cos músicos Fito Ares e Ber Martínez, a peza foi xa seleccionada para participar no **V Festival Pezas dun Teatro do Porvir Galiza +Portugal**, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.